

## CONVOCATORIA DE MATRÍCULA ANTICIPADA NOS ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL PARA O ALUMNADO CON ESTUDOS DE PAÍSES ALLEOS AO EEES. CURSO 2019/20.

### 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

**1.1.-** Conforme ao disposto nesta convocatoria poderán acceder ás ensinanzas oficiais de Máster da USC para cursar estudos no curso 2019/20 os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que teñan un título homologado a un título universitario oficial español, ou a outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro estado membro do Espazo Europeo de Educación Superior ou un título declarado equivalente polo Ministerio de Educación, e que faculte en ambos casos para o acceso aos estudos de Máster.

**1.2.-** Tamén, poderán acceder os graduados conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade de homologar o seu título, previa comprobación pola Universidade de que o título do interesado acredita un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que faculta no país expedidor para acceder ás ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non implica, en ningún caso, a homologación do título previo da persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o estudio das ensinanzas de Máster.

**1.3.-** Quedan excluídos desta convocatoria os estudantes que teñan residencia en España ou se atopen matriculados en calquera titulación das tres universidades galegas, estes estudantes poderán solicitar a admisión no seu caso pola cota xeral.

**1.4.-** Para acceder aos estudos de Máster da USC, os estudantes procedentes de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) terán o mesmo tratamento que os da cota xeral, polo que quedan fóra desta convocatoria e só deberán acreditar que o seu título dá acceso aos estudos de Máster no país de orixe.

**1.5.-** Os estudantes incluídos no ámbito de aplicación desta convocatoria poderán solicitar a admisión nos Másteres que figuran no ANEXO, sempre que cumpran todos os requisitos de acceso e no seu caso de coñecemento de idioma requiridos para o Máster concreto no que desexen matricularse.

**1.6.-** Os Másteres incluídos no ANEXO constitúen a oferta oficial prevista, excepcionalmente podería condicionarse a admisión e a matrícula nos estudos de Máster oficial á efectiva impartición dos mesmos en función da autorización da Comunidade Autónoma e do cumprimento dos requisitos para isto, en particular, a superación do número mínimo de estudantes que se estableza.

### 2.- PRAZAS

**2.1.-** Os Másteres nos que se pode solicitar a admisión e o número de prazas ofertadas nesta convocatoria anticipada para cada un, son os que se recollen no ANEXO.

**2.2.-** A admisión farase por orde de solicitude ata cubrir as prazas dispoñibles.

**2.3.-** Para garantir o dereito de igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, no caso de que se presenten solicitudes de admisión por parte de estudantes afectados por una grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, e non resulten admitidos segundo os criterios xerais establecidos nesta convocatoria,

habilitarase un aumento de ata o 5% das prazas ofertadas na titulación correspondente, co mínimo dunha praza.

Neste caso, no momento de formalizar a solicitude, deberán presentar documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, do grao de discapacidade.

**2.4.-** Os solicitantes que non puidesen matricularse a través desta convocatoria por cubrirse as prazas, poderán solicitar praza na convocatoria xeral de admisión nos estudos de Máster para o curso 2019/20 cos mesmos criterios de selección que o resto de estudantes. A tal efecto, a súa solicitude para esta convocatoria anticipada rexistrarse no sistema informático desde onde se notificará ao interesado a apertura da nova data límite de solicitude e os extremos relevantes da nova convocatoria.

**2.5.-** De non cubrirse as prazas dispoñibles, as vacantes agregaranse á oferta xeral que se publique.

### **3.- SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

**3.1.-** A solicitude de admisión poderá presentarse desde o día **26 de febreiro** ata o día **15 de abril de 2019** e deberá realizarse por medios electrónicos no enderezo <http://www.usc.es/masteres>. A información do sistema informático mostrarase en galego, español e inglés. Os datos solicitados deberán ser cubertos en galego ou español.

**3.2.-** Xunto coa solicitude, os estudantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia do pasaporte, NIE ou DNI.
- Acreditación da súa residencia no estranxeiro, no caso de que o solicitante teña nacionalidade española.
- Copia do título que da acceso aos estudos de Máster.
- Certificación académica dos estudos universitarios realizados, na que se inclúa, como mínimo, a duración dos estudos, anos académicos, materias cursadas, carga lectiva de cada materia (horas ou créditos), cualificacións e escala de cualificacións.

**3.3.-** Na solicitude, ademais dos datos persoais e académicos requiridos, os solicitantes deberán incluír un enderezo de correo electrónico que será o medio utilizado pola universidade para enviar as notificacións e comunicacións derivadas deste proceso. Tamén, deberán incluír un teléfono de contacto para a recepción de calquera comunicación por vía SMS. De non ser posible a comunicación por algún destes medios, as notificacións faranse a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>).

**3.4.-** Calquera omisión ou falsidade nos datos declarados sobre a titulación de acceso ou do expediente académico, poderá dar lugar á anulación da matrícula e, no seu caso, a ser excluído do proceso de adjudicación de prazas, independentemente das sancións administrativas ou penais que correspondan.

**3.5.-** A tramitación das solicitudes (consistente na verificación dos datos, especificamente os estudos de acceso, e a súa idoneidade para os estudos solicitados, así como o control e cómputo de prazas) corresponde ao Servizo de Xestión Académica. No caso de que se cubriran as prazas reservadas para estudantes con estudos de países de fóra do EEES non se emitirá a resolución de non admisión, informando ao estudante de que pode facer unha nova solicitude na convocatoria xeral e dos requisitos que debe cumprir para ela.

En caso de dúbida, solicitarase informe do comité académico do Máster sobre a idoneidade dos estudos declarados para acceder.

**3.6.-** A notificación da resolución de admisión incluírá o data límite para matricularse, así como:

a) A cantidade que o alumno debe pagar no prazo de matrícula fixado e que terá a consideración de prezo de xestión da reserva de praza e que, no caso de formalizar a matrícula definitiva, destinarase ao pagamento dos prezos públicos fixados pola Comunidade Autónoma para o curso 2019/20. O importe da xestión de reserva de praza será o 10% do custo de referencia recollido no Decreto de prezos públicos. No caso de anulación de matrícula por calquera motivo incluída a denegación da equivalencia de estudos recollida no apartado 5, ou no caso de que o alumno non formalice a matrícula definitiva, non procederá a súa devolución.

Os alumnos que xustifiquen ter solicitado a Bolsa de Excelencia para a mocidade exterior non terán que pagar o importe da reserva ata a resolución da concesión da citada bolsa.

b) A necesidade de tramitar a equivalencia do título de acceso, no seu caso, e a forma de facelo especificando os documentos que se requiren e os requisitos destes.

c) Información sobre o prezo total estimado por curso dos estudos que pretende cursar, así como as modalidades de pago ás que se pode acoller.

d) A necesidade de contratación dun seguro, en caso de non telo feito con anterioridade.

e) Calendario académico previsto, número de créditos a matricular e toda a información relevante respecto dos estudos que se considere necesaria.

**3.7.-** Todas as comunicacións e notificacións relacionadas coa solicitude redactaranse nunha das linguas oficiais e no posible incluírase a súa tradución oficial ao idioma inglés.

#### **4.- MATRÍCULA**

**4.1.-** Recibida a carta de admisión, o alumno deberá matricularse dentro do prazo fixado na resolución mediante o pagamento dos prezos que figuran na mesma. Os estudantes admitidos que non se matriculen neste prazo ou non aboén os prezos fixados, perderán o seu dereito sobre a praza adxudicada.

**4.2.-** A matrícula formalizarase e notificarase ao solicitante a través do sistema informático, incluíndo as advertencias necesarias sobre a actualización dos prezos públicos e os cambios académicos que poidan xurdir con posterioridade.

**4.3.-** Os estudantes inscritos poderán anular a matrícula formalizada nos termos e condicións establecidos pola Convocatoria Xeral de Matrícula sen dereito á devolución do prezo de xestión da reserva de praza.

**4.4.-** As disposicións da Convocatoria Xeral de Matrícula para o curso 2019/20 serán de aplicación aos estudantes matriculados a través desta convocatoria anticipada, a excepción dos límites dos cambios de matrícula que non son aplicables para eles. Todos os cambios de matrícula informados polos coordinadores nos prazos xerais serán resoltos favorablemente.

#### **5.- EQUIVALENCIA DE ESTUDOS**

**5.1.-** A admisión e matrícula terán carácter provisional condicionadas á concesión da equivalencia da titulación de acceso, de conformidade co disposto no artigo 16.2 do Real decreto 1393/2007, así como

ao cumprimento dos demais requisitos específicos que se establezan para cada Máster. Para o recoñecemento de equivalencia, deberán presentar antes de que finalice o prazo de matrícula a correspondente solicitude no Servizo de Xestión Académica, xunto cos documentos académicos debidamente legalizados e traducidos e, no seu caso, os documentos orixinais pertinentes que acrediten o cumprimento dos requisitos específicos.

**5.2.-** A resolución desestimatoria da equivalencia dos estudos estranxeiros cursados para o ingreso nos Másteres oficiais suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e matrícula. Tamén procederá a anulación cando non se acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos para a admisión no Máster concreto.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL - PROTECCIÓN DE DATOS.**

1.- Os datos persoais recollidos serán incorporados ao arquivo nº 1 denominado “Xestión Académica e Alumnado” aprobado por Resolución do 24 de xuño de 2002 e modificado por Resolución reitoral 3 de setembro de 2010. A súa finalidade é a xestión dos procesos para o acceso e a matrícula universitaria, a continuación de estudos, os traslados, a xestión dos expedientes académicos, os títulos e os cursos de posgrao e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, e calquera outra actividade que se inclúa na área administrativa da xestión académica e figure inscrita na Axencia de Protección de Datos.

2.- Os datos serán sometidos a tratamento con finalidades académicas e de xestión da USC, e para a difusión de información institucional e a información destinada á formación e a inserción laboral e profesional dos membros da comunidade universitaria. A Universidade poderá utilizar os datos contidos nos seus arquivos tamén con fins históricos, estatísticos ou científicos e para os establecidos no ficheiro e na regulación xeral. Non se fará ningunha cesión de datos de carácter persoal sen o consentimento do titular dos datos, a excepción dos casos previstos na Lei ou declarados no ficheiro pola USC.

3.- A responsabilidade sobre o ficheiro corresponde á Universidade de Santiago de Compostela, e mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral da Universidade, os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de acordo cos modelos que aparecen nos seguintes enderezos:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>  
<http://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/index.html>.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS**

A presente convocatoria entrará en vigor na data de publicación no taboleiro electrónico oficial da USC, e terá efectos para a matrícula do curso 2019/20.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación oficial no taboleiro electrónico, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdicción Contencioso Administrativo, aprobada por Lei

29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

O Reitor,

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

**TABOLEIRO ELECTRÓNICO DA USC**

Máster	Prazas
<a href="#">Acuicultura</a>	5
<a href="#">Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade</a>	5
<a href="#">Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (Esp Clínica)</a>	1
<a href="#">Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (Esp. Xestión)</a>	1
<a href="#">Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión</a>	2
<a href="#">Bioloxía Mariña</a>	2
<a href="#">Computación de Altas Prestacións</a>	3 Presencial/3 Distancia
<a href="#">Desenvolvemento Económico e Innovación</a>	10
<a href="#">Dirección de Actividades Educativas na Natureza</a>	3
<a href="#">Dirección de Empresas [Lugo]</a>	3
<a href="#">Dirección de Empresas[Santiago]</a>	3
<a href="#">Dirección de Proxectos</a>	10
<a href="#">Dirección e Xestión Contable e Financeira</a>	3
<a href="#">Energías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable</a>	8
<a href="#">Enxeñaría Agronómica</a>	3
<a href="#">Enxeñaría Ambiental</a>	3
<a href="#">Enxeñaría de Montes</a>	3
<a href="#">Enxeñaría Química e Bioprocesos</a>	3
<a href="#">Estudos da Literatura e da Cultura</a>	3
<a href="#">Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións</a>	2
<a href="#">Estudos Internacionais</a>	10
<a href="#">Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos</a>	3
<a href="#">Filosofía: Coñecemento e Cidadanía</a>	4
<a href="#">Fiscalidade Internacional e Comunitaria (online)</a>	10
<a href="#">Física</a>	8
<a href="#">Historia Contemporánea</a>	5
<a href="#">Historia Moderna: Monarquía de España, Séculos XVI-XVIII</a>	4
<a href="#">Igualdade, Xénero e Educación</a>	10
<a href="#">Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias</a>	3
<a href="#">Investigación Biomédica</a>	5
<a href="#">Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos</a>	3
<a href="#">Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario</a>	9
<a href="#">Investigación Química e Química Industrial</a>	5
<a href="#">Lingüística Aplicada</a>	2
<a href="#">Marketing, Consultoría e Comunicación Política</a>	10
<a href="#">Matemática Industrial</a>	5
<a href="#">Matemáticas</a>	3
<a href="#">Neurociencia</a>	6
<a href="#">Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados</a>	2
<a href="#">Optometría</a>	3
<a href="#">Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial</a>	10
<a href="#">Procesos de Formación</a>	7
<a href="#">Psicoloxía Xeral Sanitaria</a>	3
<a href="#">Psicoxerontoloxía</a>	5

<a href="#">Química Orgánica</a>	<b>5</b>
<a href="#">Química Teórica e Modelización Computacional</a>	<b>3</b>
<a href="#">Saúde Pública</a>	<b>5</b>
<a href="#">Servizos Culturais</a>	<b>3</b>
<a href="#">Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data</a>	<b>1</b>
<a href="#">Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</a>	<b>5</b>
<a href="#">Xenómica e Xenética</a>	<b>2 Modalidade Presencial</b>
<a href="#">Xeoinformática</a>	<b>3</b>
<a href="#">Xeontoloxía</a>	<b>3</b>
<a href="#">Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte</a>	<b>5</b>
<a href="#">Xestión e Dirección Laboral</a>	<b>3</b>
<a href="#">Xestión Sustentable da Terra e do Territorio</a>	<b>8</b>
<a href="#">Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñec.</a>	<b>5</b>

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
22/02/2019 17:16:26.

**CSV:** 9F10-3C1B-484E-B605